

FINALIDADE

Neste curso abordaranse os conceptos básicos para elaborar o plan de empresa dunha cooperativa ou entidade de economía social dende a idea de negocio, ata a proposta de valor, o plan de marketing, a organización e xestión de persoas e o plan económico-financeiro.

Permitirá ás persoas promotoras deseñar de xeito ordeado a creación da súa empresa, tratando os temas fundamentais para mellorar as probabilidades de éxito.

DESTINATARIOS

Cooperativas e sociedades laborais, e persoas emprendedoras que aposten pola fórmula cooperativa e economía social.

Límite de prazas: 10 persoas

Instalacións adaptadas ás medidas de hixiene establecidas.

DATAS E HORARIOS

Impartirase os días 5, 12, 19 e 26 de xuño de 2023 en horario de 16 a 20 horas.

O curso realizarase nas instalacións da Fundación Cel Iniciativas por Lugo sitas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Información: 982 284 150, info@fundacioncel.org

Inscripcións: <https://forms.gle/5rXkrXYxPGutdLfc7>

**CREA O TEU PLAN DE
EMPRESA**

¡¡INSCRÍBETE!!

**Curso gratuito con
prazas limitadas**

DESCRIPCIÓN DOS CONTIDOS

Este programa de 16 horas está composto por diferentes módulos coa finalidade de axudar a conceptualizar e definir as ideas de negocio das cooperativas participantes.

As accións formativas desenvolveranse ao longo de 4 sesións, cunha duración de 4 horas. Os contidos contemplados serán os seguintes:

MÓDULO 1. O PLAN DE EMPRESA (4 horas)

Entender a estrutura dun plan de empresa, os contidos máis relevantes e a súa presentación.

MÓDULO 2. O PLAN DE MARKETING (4 horas)

Coñecer e aprender como aplicar conceptos básicos do marketing que permitan xerar unha estratexia de comunicación e comercialización exitosa.

MÓDULO 3. A ORGANIZACIÓN E AS PERSOAS (4 horas)

Aprender novos conceptos relacionados coa xestión das persoas na empresa, aportando ferramentas de utilidade para un liderado efectivo e unha organizaicón interna adaptada aos obxectivos da cooperativa.

MÓDULO 4. O PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO (4 horas)

Descubrir como dimensionar e analizar a viabilidade do proxecto cooperativo, facilitando a comprensión dos conceptos contables e financeiros máis importantes dos apartados do plan financeiro, aprendendo, asimismo, a cumprimentalo.

MEDIOS PREVISTOS

Cada un dos módulos abordaranse de xeito sinxelo e comprensible, á vez que riguroso. A metodoloxía empregada misturará a teoría coa posta en práctica dos conceptos. Traballarase coas ideas de todos/as participantes á hora de usar exemplos e exercicios prácticos.

Ademáis, a reflexión en equipo permitirá aos/ás participantes obter ideas e perspectivas diferentes doutros compañeiros/as, o cal fortalecerá a capacidade de cada participante para xestionar os seus propios negocios.

Un dos aspectos aos que lle da moita importancia é á xeración dun clima axeitado no grupo para fomentar unha aprendizaxe máis efectiva, no que poida xurdir o coñecemento individual e a intelixencia colectiva, que tanto favorece a unha aprendizaxe significativa e ao avance real do grupo.

O obxectivo desta metodoloxía é conseguir a aplicación inmediata dos contidos, logrando acadar un impacto positivo e substancial no día a día da cooperativa.